



Xeración de Crédito 001-X/21 (01/21)
Expte. CIVIDAS nº 2020046403
Exptes relacionados: 2020021159 e 2020021209

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 13/01/2021 (ref: JFC/001/2021), en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada do Servizo de F. Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, mediante Providencia de data 08/07/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal (ref.: 01X-21) de 20/01/2021, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,

ACORDO:

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 001-X/2021, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto con código 20-2-28-01 “Programa de Orientación Laboral 2020-2021”, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
280.2410.13100	Persoal laboral temporal. Formación Ocupacional	16.570,96 €
280.2410.16000	Cuota patronal S. Social Fomento do emprego	5.203,24 €
TOTAL.....		21.774,20 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
45073	Subv. Xunta Programa Orientación Laboral (S1511001H)	21.774,20 €
TOTAL.....		21.774,20 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería delegada do Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos .

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:CQQ71SOJ8TGAHEX1

